

XANTARES BIOCIENTÍFICOS

Dende o grupo de traballo de formación e divulgación de **BioReDes** queremos anunciar a quinta charla encadrada nos *Xantares Biocientíficos*, que terá lugar o **venres 13 de setembro ás 13:00 horas no Edificio CACTUS do Campus de Lugo**. A intervención levará por título “Economía circular e xestión de residuos. As ensinanzas da biosfera” e será impartida por Felipe Macías Vázquez, profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela.

Esperámoste! Ven a tomar un petisco con BioReDes!



Breve resumo da presentación

“Economía circular e xestión de residuos. As ensinanzas da biosfera”

Felipe Macías Vázquez

Universidade de Santiago de Compostela

Podemos aprender da natureza e, a través da ciencia e a tecnoloxía, utilizar os coñecementos para mitigar/eliminar riscos ambientais. Na biosfera terrestre, os solos son o sistema de defensa e control dos contaminantes que protexen á auga e aos organismos, a través dun conxunto de reaccións físico-químicas e bióticas, que reducen a súa mobilidade e a súa biodispoñibilidade.

Imitando á natureza, podemos deseñar, formular e facer solos “á carta”, coas propiedades adecuadas para resolver os diferentes problemas que afectan as augas, solos e ecosistemas que afectamos coas actividades mineiras, industriais ou de obra civil. Estes solos elaborados, que conteñen “artefactos” son denominados Tecnosoles. Ao longo desta presentación iremos expoñendo diversos casos de éxito no emprego desta tecnoloxía.